

**PREGO DE CONDICIÓNNS ECONÓMICO ADMINISTRATIVAS
PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO MODIFICADO DE**

**RESTAURACIÓN DAS CUBERTAS DO TEMPLO:
NAVE PRINCIPAL E CRUCEIRO
DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

MEDIANTE CONCURSO CON PUBLICIDADE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1. O obxecto do contrato será a realización das obras de RESTAURACIÓN DAS CUBERTAS DO TEMPLO: NAVE PRINCIPAL E CRUCEIRO da Catedral de Santiago de Compostela, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto Iago Seara Morales e encargado pola Fundación Catedral. As obras consisten fundamentalmente no levantado do lousado e sistemas de impermeabilizacións existentes na nave principal, transepto e terrazas do transepto, e posterior execución dunha nova solución de impermeabilización e lousado.

1.2. Terán carácter contractual as memorias descriptiva e construtiva, os cadros de prezos, o prego de prescripcións técnicas, os planos e o programa de traballo, complementado neste caso co o que presente o adxudicatario na súa proposta de licitación, unha vez aprobado pola Fundación Catedral para as obras na catedral.

Polo anteriormente exposto, os citados documentos deberán ser asinados polo adxudicatario, en proba de conformidade, no acto mesmo da formalización do contrato.

2. ORZAMENTO DO CONTRATO E EXISTENCIA DE CRÉDITO PRESUPOSTARIO

O valor estimado total do presupuesto de contrata sen incluír o I.V.E. é de **1.688.376,84** euros.

O I.V.E. correspondente (21% do orzamento base anterior) ascende a **354.559,14** euros.

A oferta deberá incluír directamente no prezo o I.V.E., se ben deberá detallarse expresamente a súa cantidade.

O sistema de retribución configurase como de prezo pechado, co efecto de que o prezo ofertado polo adxudicatario se manterá invariable non sendo abonables as modificacións do contrato que sexan necesarias para corrixir errores ou omisións padecidos no seu caso na redacción do proxecto.

Asemade o importe total do prezo polo que sexa adxudicado o contrato non sufrirá incremento ou diminución algúnhha por razón das diferenzas que puideran resultar entre as medicións reais e as distintas unidades de obra.

3. PRAZOS

3.1. O prazo máximo de execución das obras será de dezaoito meses a contar dende o inicio das mesmas.

3.2. O citado prazo de execución poderá prorrogarse cando o contratista non puidera cumplilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente e se autorice a súa prórroga.

4. REVISIÓN DE PREZOS E MODIFICACIÓN DO CONTRATO

4.1 Revisión de prezos.- Con un prazo máximo de execución da obra inferior a dous anos, na presente contratación non haberá revisión de prezos.

A obra contratarase a prezo pechado, polo que non haberá un reaxuste a alza dos prezos. As modificacións que no transcurso da execución das obras puidera producirse sobre o determinado e fixado no proxecto, deberán contar coa autorización da Fundación Catedral e o encargo da Dirección Facultativa, e deberán ser assumidas polo Adxudicatario.

Sempre que, a tenor do anteriormente exposto prodúzase alguma modificación sobre o proxecto deberase aplicar os prezos unitarios e descompostos do proxecto e a mesma baixa porcentual que a ofertada polo adxudicatario sobre o prezo de licitación.

Se no proxecto non existise un prezo unitario e descomposto aplicable á modificación proposta, xa afecte a materiais, medios auxiliares ou calquera outro capítulo, aplicaranse os prezos establecidos na base de datos de Guadalajara e/ou a base de datos PREOC do ano correspondente á licitación da obra mantendo os prezos unitarios existentes no proxecto e a mesma baixa porcentual que a ofertada polo adxudicatario sobre o prezo de licitación.

Se non existise nas bases de datos mencionadas un prezo de referencia equivalente, o novo prezo non previsto calcularase axustado aos prezos de mercado; o cal en caso de desacordo co adxudicatario, determinarase pola Dirección Facultativa previo cotexo de dous orzamentos. A este prezo aplicaráselle a mesma baixa porcentual que a ofertada polo adxudicatario.

Consonte ás anteriores modificacións, no seu caso, so será posible unha liquidación, a efectuar na certificación final, por un importe máximo do 10% do presupuesto e mantendo os prezos das partidas do proxecto, sempre que a Dirección da obra valide a súa necesidade e a Fundación Catedral a aprobe.

4.2 Modificación do contrato. A Fundación Catedral como órgano de contratación ostenta a facultade de modificar o contrato, con suxeición ao disposto na presente cláusula, sendo dita modificación, no caso de acordarse obligatoria para a contratista.

O contrato só poderá ser modificado pola Fundación Catedral cando concorran razóns técnicas que exixan a variación de materiais e / ou a adopción de solucións construtivas distintas das previstas no proxecto, con informe da Dirección Facultativa, dándose previa audiencia á contratista por prazo de dez días naturais.

Naqueles supostos nos que a modificación esixida excedese o límite do 10%, á alza ou á baixa, e nos supostos nos que a contratista se opuxera ós termos da modificación, a Fundación Catedral poderá acordar a resolución do contrato pola imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, a fin de garantir o respecto ós principios de publicidade, concurrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación así como eficiencia dos recursos públicos.

De acordarse a resolución pola Fundación, procederase a aboar á contratista a liquidación da obra executada pendente de pago, tendo dereito, de acreditarse a concurrencia de danos e

prexuizos, a unha indemnización máxima do 3% do importe da prestación deixada de executar, salvo que a causa sexa imputable á contratista ou esta rexeite a modificación proposta pola Fundación.

Resolto o contrato a Fundación poderá optar por volver a licitado, incluíndo as modificacións no obxecto que motivaran a resolución ou ben por non volver licitar as obras.

II. FORMA DE ADXUDICACIÓN

5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán contratar coa Fundación Catedral as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española das que a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e disponan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Quen pretenda resultar adxudicatario do contrato, non poderá atoparse en ningunha das circunstancias seguintes:

- a) Ter sido condenadas as persoas físicas, as persoas xurídicas ou os seus representantes, mediante sentenza firme por delitos de asociación ilícita, corrupción en transaccións económicas internacionais, tráfico de influencias, suborno, fraudes e exaccións ilegais, delitos contra a Facenda Pública e a seguridade Social, delitos contra os dereitos dos traballadores, malversación e receptación e condutas afíns, delitos relativos á protección do medio ambiente, ou a pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei Concursal, sen que concluira o período de inhabilitación fixado na sentencia de calificación do concurso.
- c) Ter sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de disciplina de mercado, en materia profesional ou en materia de integración laboral e de igualdade de oportunidades, ou por infracción moi grave en materia social, incluídas as infraccións en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co disposto no texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións no Orden Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, así como por infracción moi grave en materia medioambiental, de acuerdo co establecido na normativa de referencia.
- d) Non atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- e) Ter incorrido en falsidade ó efectuar a declaración responsable de non incorrer en prohibicións para contratar ou ter incumprido, por causa imputable, a obriga de comunica a información relativa á clasificación da empresa ós efectos da contratación.
- f) Estar incursa a persoa física ou os administradores da persoa xurídica en algúns dos supostos da Lei 5/2006, da Lei 53/1984 ou tratarse de calquera cargo electo regulados na Lei Orgánica 5/1985, nos termos establecidos na mesma.
- g) Ter causado a resolución firme dun contrato coa Administración.
- h) Ter prohibido contratar coa Administración.
- i) Estar afectado por unha prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa, consonte á normativa de subvencións ou á Lei Xeral Tributaria.

j) Ter retirado indebidamente a súa proposición ou oferta nun procedemento de contratación previo do Arcebispado de Santiago ou da Fundación Catedral de Santiago. Tampouco poderán contratar, nin ser subcontratas da contrata principal, as persoas ou empresas que haxan sido anteriormente obxecto de resolución de contrato ca Fundación Catedral.

A realidade de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias poderase acreditar mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos. Se non se puidese expedilo documento, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

Os empresarios deberán contar, asemade, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso sexa esixible para a realización da actividade que constitúe o obxecto do contrato. Atendidos o importe do contrato obxecto do presente prego e a especialización esixible para a execución das obras ás que se refire, requírese ós que pretendan resultar adxudicatarios do contrato estar en posesión da cualificación administrativa correspondente o grupo K, subgrupo 7, categoría E (corresponde la categoría 4 del RD 773/2015). No caso de presentarse en UTE, todas as empresas integrantes deberán ter esta mesma cualificación.

6. OFERTAS DOS INTERESADOS

6.1.- As ofertas presentaranse na sede da Fundación Catedral, na rúa do Vilar 1-1º de Santiago de Compostela. Nestas dependencias poderase realizar o exame do prego e demais documentación. O prazo para a presentación das ofertas será de vinte e seis días naturais contados a partir da publicación deste concurso no Diario Oficial de Galicia.

Para recibir a documentación do concurso e necesario asinar previamente por parte do representante da empresa que licita un acordo de confidencialidade no tratamento da información que se entrega.

6.2.- Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade das obras obxecto do contrato.

6.3.- Cada interesado poderá presentar só unha oferta co obxecto do contrato, sen que se podan presentar variantes ou alternativas.

7. DOCUMENTACIÓN QUE HA DE SER PRESENTADA

7.1. Forma de presentación das ofertas.

Os empresarios deberán presentar as ofertas en tres sobres cerrados, facendo constar no exterior de cada un deles o sobre do que se trata, o obxecto do expediente de contratación ó que se refire a proposición e a súa identidade (nome, número de identificación fiscal, dirección postal, teléfono, correo electrónico). Os sobres serán os seguintes:

“Sobre A: Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos”.

“Sobre B: Documentación relativa a criterios avaliables por medio dun xuízo de valor”.

“Sobre C: Proposición económica”.

Todos deberán estar asinados no seu exterior polo empresario ou polo seu representante, indicando o lugar e data. En todo caso, os licitadores deberán facilitar unha dirección de correo electrónico a través da que se realizarán as comunicacóns e notificacións oportunas.

Os sobres deberá conter a seguinte documentación:

“Sobre A: Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos”:

Deberá conter unha declaración responsable conforme ó contido do “Anexo I” na que se poñan de manifesto as seguintes circunstancias:

- 1.º Que o empresario ten a capacidade xurídica e de obrar necesaria para a execución do contrato e que, de acordo co seu obxecto social, pode presentarse ó concurso, así como que o firmante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición e de aquel.
- 2.º Que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica esixidos no prego.
- 3.º Que nin o empresario nin, no seu caso, o firmante da declaración, se atopa en ningunha das circunstancias enumeradas no apartado 5 do presente prego que non permitirían contratar coa Fundación Catedral.
- 4.º Que está ó corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- 5º. Que o empresario se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios materiais e persoais suficientes.
- 6º. Que, no caso de ser requerido a tal efecto, está en disposición de presentar a documentación para acreditar o cumprimento das circunstancias manifestadas nos parágrafos precedentes e demais que resulten precisas.

“Sobre B: Documentación relativa a criterios availables por medio dun xuízo de valor”:

Deberá conter a documentación relativa ós medios persoais e materiais mínimos e melloras nos mesmos; memoria descriptiva, construtiva e de planificación da obra; memoria de Seguridade e Saúde e implantación na obra; memoria ambiental; memoria de calidade; melloras na garantía; e traballadores discapacitados a efectos de poder desfacer un posible empate.

Incluirase toda a documentación que permita estudar as proposicións de conformidade coas referencias técnicas do apartado 8 do prego.

“Sobre C: Proposición económica”:

Deberá conter a oferta económica para a execución da obra conforme ó contido do “Anexo II”.

7.2. Presentación da documentación acreditativa da capacidade para contratar.

Valorada a documentación presentada nos sobres B e C e clasificadas por orde decrecente as proposicións pola comisión de valoración á que fai referencia o apartado 9.1 do presente prego, a mesma procederá a requirirle ó empresario que obteña maior puntuación por presentar a mellor ofertar para que, dentro do prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ó de recepción do requerimento, presente a documentación acreditativa da capacidade para contratar sinalada nos apartados seguintes.

O empresario tamén deberá acreditar no mesmo prazo a disposición efectivamente dos medios que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

7.2.1. Personalidade e capacidade do empresario.

Se a empresa fora persoa xurídica presentará escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rrexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou as súas fotocopias debidamente autenticadas.

7.2.2. Declaración responsable de non estar incursos en prohibicións para contratar

Os licitadores deberán presentar declaración deste carácter, facendo constar que non se encuentran comprendidos en ningunha das circunstacias de incapacidade ou de prohibición para contratar conforme a lei.

A Fundación Catedral poderá comprobar en calquera momento a veracidade e exactitude desta declaración, estimándose a súa falsidade como causa de resolución do contrato.

7.2.3. Xustificación da solvencia económica, financeira e técnica

1. Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica, a través dos medios de xustificación que se sinalan a continuación:

A). Solvencia económica e financeira:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras.
- Contas anuais e informe de auditoría nos tres últimos anos.
- Balance y conta de resultados máis recente.
- Certificado de Facenda e da Seguridade Social.

Para poder participar deberá acreditarse un umbral mínimo de obra contratada de 500.000 €, por anualidade media nos últimos tres anos.

B). Solvencia técnica

- Relación das obras de restauración en monumentos que teñan a condición de Ben de Interese Cultural ou catalogados, executadas no curso dos últimos cinco anos, que de xeito acumulativo sumen un valor igual ou superior a 500.000 €, avalada por certificados de boa execución.

8. ASPECTOS OBXECTO DA NEGOCIACIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-

Son criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato con arreglo á seguinte ponderación:

TOTAL: 100 PUNTOS

8.1.a. PROPOSICIÓN ECONÓMICA0 – 50 PUNTOS

A puntuación outorgarase acorde á seguinte formula:

$$\text{Puntuación da oferta} = 50 \times \left[1 - \frac{(\text{Baixa máxima \%} - \text{Baixa oferta \%})}{100} \right] \times k$$

k (factor de ponderación) = 1,5

Considerarase una oferta desproporcionada aquela que rebaixe en 10 puntos porcentuais a media aritmética obtida entre as ofertas presentadas e admitidas como válidas para a licitación. Neste caso o licitador quedará fora do concurso, salvo xustificación fundamentada pola súa parte sempre que a acepte a Fundación Catedral.

Para que ao licitador se lle valore a súa oferta económica, deberá alcanzar un mínimo de 25 puntos nas referencias técnicas que presente.

8.1.b. REFERENCIAS TÉCNICAS 0 – 50 PUNTOS

A. Melloras na adscrición de medios persoais á execución do contrato	0 – 12 PUNTOS
B. Memoria descriptiva, construtiva e de planificación da obra	0 – 27 PUNTOS
C. Memoria de Seguridade e Saúde - implantación na obra..	0 – 1 PUNTOS
D. Memoria ambiental	0 – 2 PUNTOS
E. Memoria de calidade.....	0 – 5 PUNTOS
F. Melloras no prazo de garantía	0 – 3 PUNTOS

8.2. No suposto de que aplicando os criterios de valoración, dúas ou más empresas licitadoras empaten, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores discapacitados.

8.3. Medios materiais e persoais mínimos

Os licitadores deberán achegar o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios materiais e persoais suficientes, que deberán concretar na súa oferta. Identificaranse obrigatoriamente as persoas e postos asignados e xuntarase *curriculum vitae* e xustificante da titulación académica – no caso de ser requirida para o posto en cuestión – de cada un dos integrantes de acordo coa relación de medios persoais mínimos.

Este compromiso completarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Se os medios materiais e persoais pertencen xa á empresa no momento de presentación da oferta, deberase aportar unha relación dos mesmos, así como a acreditación documental dos requisitos mínimos.
- Se os medios persoais e materiais non pertencen á empresa no momento de presentación da oferta, deberase aportar unha relación dos mesmos, así como a acreditación documental dos requisitos mínimos, acompañando declaración do compromiso por parte do persoal externo ou dos titulares dos medios materiais alleos.

Estes medios materiais e persoais formarán parte da proposta presentada polos licitadores e, polo tanto, do contrato que se asine coa empresa adxudicataria. Por este motivo, deberán ser mantidos durante todo o tempo de realización da obra e incorporados á mesma, sempre que sexan requeridos pola dirección facultativa. Calquera variación respecto a eles deberá ser comunicada a Fundación Catedral e podría ser causa de penalización ou resolución do contrato se con isto deixaran de cumplir estes criterios de selección o solvencia. A efectiva adscrición destes medios considérase obriga esencial.

Establécense os seguintes medios persoais mínimos (terase en conta que os postos de Delegado do Contratista e Xefe de Obra poderán ser desenrolados pola mesma persoa, sempre e cando concorran nela os requisimentos establecidos independentemente para cada un deles):

- *Delegado do Contratista:* Persoa designada expresamente pola empresa e aceptada pola Fundación Catedral con capacidade suficiente para ostentar a representación do Contratista no cumprimento das obligas contractuais, así como en calquera momento en que sexa necesaria a presenza ou actuación deste e sempre en orden á execución e boa marcha das obras.

- *Xefe de Obra:* Arquitecto ou arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, con práctica profesional acreditada de máis de 10 anos en obras semellantes e capacidade suficiente para organizar a execución das obras e poñer en práctica as ordes recibidas da Dirección facultativa así como propor ou colaborar con ela na resolución dos problemas que xurdan durante a execución da obra. Deberá achegarse compromiso de presenza permanente a pé de obra e dedicación plena e exclusiva a estas obras. Terá a obriga de emitir un informe mensual que axuntarase a cada unha das certificacións e sen o cal estas non poderán ser tramitadas ante a Fundación Catedral. Neste informe reflectirase o avance da obra comparando a efectivamente executada co previsto no Plan de Obra valorado economicamente, que deberá ser aprobado pola Dirección Facultativa e pola Fundación Catedral antes de comezar a obra. Haberá de conter ademais un mínimo de catro fotos

nas que se amosará o aspecto xeral de cada unha das escarpas de obra abertas. No caso de producirse variacións co Plan de Obra previsto, deberán motivarse razoadamente no informe facendo referencia expresa cando existan retrasos ás circunstancias que o motivan, e achegarase para a súa aprobación unha nova proposta de Plan para o resto da obra, na que poidase ter en conta a recuperación do tempo atrasado.

- *Encargado de obra:* Sen formación específica requirida e cun mínimo de 10 anos de práctica profesional acreditada como encargado de obra en obras semellantes. Deberá achegarse compromiso de presenza permanente a pé de obra con dedicación plena e exclusiva.

A. Melloras aos medios persoais mínimos (12/50 puntos).

Incluiranse neste apartado as melloras aos medios persoais, sendo necesario que cada un deles teña intervido –na mesma función para a que se propoña- en obras en monumentos que teñan a condición de ben de interese cultural. Para cada un destes postos deberanse presentar os correspondentes *curriculum vitae* (cun máximo de dous follas DIN A4 de extensión impresas a dobre cara), e as memorias de intervención e de procedemento de traballo nas que se explicarán os traballos que asumirán os técnicos propostos (cun máximo de dous follas DIN A4, impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos). Os traballos propostos por este persoal nas memorias de intervención, enténdense que están incluídos na oferta económica, polo que non suporán costo algúns a cargo do presupuesto da obra, aínda cando os mesmos non estén recollidos no proxecto. No caso de incluír algúna persoa ou empresa subcontratada para á execución dos traballos, facilitarase o compromiso de execución pola súa parte, así como o seu currículo para a súa valoración. Os currículos puntuarán hasta un máximo da metade da puntuación sinalada para cada un dos apartados, e a memoria de intervención poderá sumar hasta a outra metade. Estas melloras non suporán costo algúns a cargo do presupuesto da obra ou do control de calidade. O listado que figura a continuación non esgota a posibilidade de outras propostas non previstas que tamén puideran ser axeitadas para esta obra. O adxudicatario non poderá cambiar as persoas propostas inicialmente para estes traballos, salvo xustificación razoada que terá que ser remitida por escrito a Fundación Catedral, indicando as motivacións da substitución e propoñendo outro profesional de perfil técnico de igual ou maior experiencia e cualificación. A Fundación Catedral resérvase a facultade de autorizar ou non o cambio proposto.

- *Axudante do Xefe de Obra:* arquitecto ou arquitecto técnico, con capacidade para o debuxo en formato dixital e o desenrolo de detalles técnicos específicos que vaian xurdindo o largo da obra e non estivesen suficientemente definidos no proxecto, servindo de apoio a Dirección da Obra. Achegarase compromiso de disponibilidade na obra. **(0 - 2,0 puntos)**

- *Taller de deseño e execución de subestruturas para pavimentos flotantes,* con experiencia validada en execución de solucións construtivas análogas á proposta en proxecto.

(0 - 2,0 puntos)

- *Restaurador especialista en pedra,* que actuará como coordinador do equipo de traballadores contratado para a restauración das fábricas de pedra. Demostrará suficiente coñecemento e experiencia nos diferentes tratamentos de conservación da fábrica de granito e a súa idoneidade. Poderá ser a mesma ou ben distinta persoa que a que execute os traballos de restauración da pedra, e servirá de enlace coa Dirección de Obra. O Restaurador será o responsable de redactar os correspondentes proxectos específicos de restauración que deberán contar coa aprobación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, previamente á súa execución. Ao comezo da obra o restaurador elaborará unha programación cos fitos e datas previstos para a elaboración de cada un destes documentos específicos. Todo elo en base as consideracións da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio que se xunta como anexo IV. Como mínimo redactaranse os proxectos de restauración de:

- Restauración das fachadas románicas dos testeiro norte e sur da nave do cruceiro, da estaturaria e dos elementos ornamentais ou singulares labrados en pedra ou metálicos de valor artístico e histórico.

(0 - 1,5 puntos)

- *Canteiro*, que pode ser o xefe do equipo de canteiros contratados para a obra. Ademais dos coñecementos xerais do seu oficio en elementos do patrimonio histórico-artístico, deberá mostrar experiencia en restauración de estruturas de pedra de granito. Servirá de enlace do equipo de canteiros coa Dirección de Obra. **(0 - 1,5 puntos)**

- *Ferreiro*, ou taller de construcións metálicas. Deberá ter experiencia validada en traballos de execución de babeiros e canlóns metálicos, así como axeitado coñecemento da técnica tradicional de achumbado do ferro, xunto coa experiencia validada de restauración de elementos do patrimonio histórico-artístico. **(0 - 1,5 puntos)**

- *Arqueólogo*, de acreditada solvencia técnica que actuará como responsable de redactar o proxecto de intervención Arqueolóxica. Ao comezo da obra o arqueólogo deberá elaborar unha programación coas datas e hitos da intervención arqueolóxica de cara a coordinar coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a tramitación das pertinentes autorizacións. Todo elo en base as consideracións da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio que se xunta como anexo IV. Como mínimo redactaranse os proxectos específicos de investigación arqueolóxica:

- Desmontaxe do sistema construtivo das cubertas (Definido no proxecto como zonas altamente sensibles e zonas sensibles).
- Calquera outra desmontaxe e/ou demolición parcial de muros, construcións e recheos históricos.

(0 - 1,5 puntos)

- *Outras melloras* (opcional): especialistas que deberán xustificar a súa participación na obra e o alcance de seus traballos (asesor en estruturas de fábrica de granito, experto en patoloxía e caracterización da pedra, topógrafo, historiador, fotógrafo, etc). Valoraranse en función da súa idoneidade e do traballo a desenrolar, hasta un máximo de 1,5 puntos por especialista. Na oferta indicarase a valoración económica (custo final IVE incluído) destinada a estas melloras. A Dirección Facultativa resérvase o dereito de destinar este importe á execución da obra.

(0 - 2,0 puntos)

B. Memoria descriptiva, construtiva e de planificación da obra (27/50 puntos).

O licitador presentará unha *memoria descriptiva*, de un máximo de cinco follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), que reflicte coñecemento do edificio e do proxecto de intervención, dos condicionantes do inmoble no seu estado de conservación e uso, da súa realidade construtiva, dos medios e espazos dispoñibles, dos condicionantes ambientais e urbanísticos derivados da súa localización, e tamén dos condicionantes administrativos e do calendario litúrxico. A mesma incorporará unha reflexión sobre as particularidades de intervir na Catedral de Santiago como Ben de Interese Cultural, sinalando tamén os protocolos e cautelas a ter en conta nas diferentes intervencións programadas.

(0 - 6 puntos)

Presentarase unha *memoria construtiva* de non máis de seis follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), na que se definirán metodolóxica e construtivamente a forma de abordar a obra específica do presente contrato. Organizarase en dous subapartados, cada un deles de un máximo de tres follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), nos que se definirán:

- Os procesos construtivos, man de obra e materiais empregados. Achegarase unha descripción dos procedementos específicos da obra, especialmente os más comprometidos, como poden ser desmontaxes dos lousados, regularización das superficies a impermeabilizar, técnicas de impermeabilización en cubertas e canlóns, execución de subestruturas para soporte de lousado flotante, execución do novo lousado flotante, técnicas de conservación, protección de zonas sensibles, etc. Valorarase a experiencia e a capacidade de aportar modificacións ou solucións complementarias nos temas puntuais que

podan surxir en relación coas intervencións más problematicas das proxectadas.

(0 - 7 puntos)

- Implantación, organización da obra e medios auxiliares propostos. Achegarase unha descripción dos medios auxiliares, cubertas provisionais e maquinaria proposta, explicando como se organizará o importante movemento de materiais na obra. Poderán chegarase esbozos coas diferentes zonas e fases de actuación e localización de máquinas, contedores ou outros medios auxiliares. Aqueles medios auxiliares plantexados a maiores ou en sustitución dos previstos no proxecto consideraranse compromisos contractuais adquiridos polo licitador e deberán poñerse a disposición da obra sen custo engadido para o promotor dos traballos. En todo caso a modificación dos medios auxiliares de proxecto deberá contar coa aprobación da Dirección Facultativa. As propostas serán coerentes coas normativas municipais, e haberán de estudiar a coordinación dos traballos co resto de obras a desenvolver na catedral (que se representan esquemáticamente no anexo V) e co funcionamento do templo.

(0 - 7 puntos)

As propostas presentadas nesta memoria (medios auxiliares propostos, forma de executar os traballos, etc..), enténdense que están incluídas na oferta económica, polo que non suporán costo alguno a cargo do presupuesto da obra, aínda cando as mesmas non estéan recollidas no proxecto.

A memoria de planificación da obra mostrará cronoloxicamente o desenrollo das actuacións, en especial as que máis afecten ao camiño crítico do programa de traballos. Deberá xustificarse o programa de traballo e a súa compatibilidade cas obras actuais na catedral, que fará expressa referencia ao prazo total e prazos parciais ofertados, dividíndose a obra en fitos cada dous meses e detallando cada unha das actividades, fases, subfases, etc., definindo necesariamente a distribución temporal mensual das actividades. Nesta memoria de planificación incluiranse a previsión de elaboración e tramitación dos proxectos parciais de Arqueoloxía e Restauración, que deberán contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Deberá ter en conta as precipitacións ou ventos habituais na zona en cada época do ano, e as xornadas de traballo perdidas que estas orixinan. En calquier caso o ofertante estará obligado a cumplir o prazo e planning de obra ofertados. Valoraráse o plan de obra, pero non se terán en conta as reduccións de prazo na execución da obra. Dito programa de traballo presentarase sen valorar económicoamente, para non desvelar o secreto da oferta. Dentro dunha extensión límite de cinco follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos) non se computarán os cronogramas e programas de obra.

(0 - 7 puntos)

C. Memoria de Seguridade e Saúde e implantación na obra (1/50 puntos).

O licitador presentará unha memoria de Seguridade e Saúde de non máis de catro follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos) na que definirase o sistema de prevención de riscos laborais internos e o Organigrama do Servizo de Prevención da empresa. Indicaranse os nomes dos responsables na empresa do control de Seguridade e Saúde.

Esta documentación deberá particularizarse para esta obra, identificando os riscos más graves propios da mesma, e non consistirá na simple redacción dun Plan ou Estudo de Seguridade e Saúde. O Plan de Seguridade o redactará o contratista de acordo co estudo incorporado no proxecto, unha vez resolta a adjudicación do concurso.

Mostrará o deseño do plan de implantación na obra, accesos de materiais, zonas de acopio, oficinas de obra, circulación de persoal, etc.

D. Memoria ambiental (2/50 puntos).

O licitador presentará unha memoria ambiental de non máis de catro follas de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), na que se definirán os aspectos ambientais a controlar durante a execución dos traballos, as actuacións a seguir, as medidas de natureza ambiental a adoptar e os beneficios que se obteñen mediante a aplicación destas.

Entre as medidas a adoptar, valoraranse as seguintes: medidas de integración e adecuación ambiental, de protección de persoas e bens culturais, de protección da fauna protexida, de información de obra; declaración da porcentaxe económica que supón a adquisición de produtos con etiqueta ecolóxica respecto á contía total do contrato, utilización de produtos reciclados ou reciclables, declaración da porcentaxe de produtos que non orixinen residuos tóxicos ou perigosos, orixinen a mínima cantidade de residuos ou tendan a minimizala ou que impliquen aforro no consumo de auga e enerxía, organización dos procesos de demolición e movemento de escombros na obra. etc. Trátase de medidas sobre as previstas no proxecto ou no prego como obrigadas para o adxudicatario.

Se o licitador esta acollido a algúns sistemas de Xestión e/ou auditoría ambiental deberá acreditalo mediante copia compulsada do certificado que o acredite, ou certificación realizada pola autoridade ambiental competente.

En relación cos residuos, especificaranse os criterios de xestión e do mesmo xeito achegarase declaración do vertedoiro autorizado ao que se levan os residuos da construcción.

Achegarase compromiso de poñer a disposición da Fundación Catedral e de trasladar ao lugar que indique –nunha distancia máxima de 50 km– todos aqueles materiais reciclables ou reutilizables que non se vaian a reutilizar na obra.

Esta documentación deberá ser específica para esta obra, e non consistirá na redacción dun simple Plan de aseguramento da calidade medioambiental na realización da obra.

Deberase cumplir a normativa respecto ó tratamento de residuos de construcións e demolición regulados polo Real Decreto 105/2008.

E. Memoria de calidade (5/50 puntos).

O licitador presentará unha memoria de calidade de non máis de cinco páxinas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), na que se definirá a metodoloxía sistemática interna de control da obra que asegure a optimización do custo e a calidade da mesma, indicando os procedementos a empregar e os controis, inspeccións e ensaios a realizar. Indicarase o nome dos responsables na obra do control interno de calidade.

Se o licitador esta acollido a algúns sistemas de Xestión de Calidade deberá acreditalo mediante copia compulsada do certificado que o acredite, ou certificación realizada pola autoridade en calidade competente.

A memoria de calidade puntuarse con 1 punto. Esta documentación deberá ser específica para a obra de referencia, e non consistirá na redacción dun simple Plan de aseguramento da calidade na realización da obra.

Puntuarase hasta un máximo de 4 puntos as melloras o control de calidade previsto no proxecto, especificando a contía económica (IVE incluído) da mellora, ata un máximo do 3% do presupuesto da obra (61.288,08 €), que se valorará e puntuará proporcionalmente, co compromiso de destinala a sufragar o gasto das actuacións adicionais non previstas de control de calidade de elementos, materiais, procedementos ou análises estruturais. Esta mellora económica é independente do 1% do presupuesto da obra (20.429,36 € IVE incluído) que o contratista debe dedicar a control de calidade.

A Fundación Catedral reservarase o dereito de adxudicación das partidas de control de calidade previstas no proxecto e as novas, dentro do presupuesto no proxecto e da mellora ofertada, aprobando a persoa ou empresa idónea para cada una de estas tarefas.

F. Melloras na garantía (3/50 puntos)

- Mellora no prazo de garantía: 0 – 2 PUNTOS

O licitador poderá aumentar a duración da garantía final da obra de un ano, cuberta con aval. A maior ampliación ofertada recibirá 2 puntos, e as restantes puntuaranse proporcionalmente.

- Plan de control da obra durante o tempo de garantía ofertado, **0 – 1 PUNTO**

O Plan recollerá o compromiso das accións de control a desenvolver pola empresa (terá unha extensión máxima de tres follas DIN A4 impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos).

G. Traballadores discapacitados (opcional)

Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no seu cadro de persoal con un número de traballadores discapacitados, con indicación deste a efectos de poder desfacer un posible empate.

9. EXAME DAS OFERTAS E ACLARACIÓN

9.1. A documentación e as ofertas presentadas polos licitadores serán examinadas e valoradas por unha comisión de valoración composta por dous membros designados pola Fundación Catedral e un designado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

9.2. Concluído o prazo de presentación de ofertas, a comisión de valoración cualificará a documentación contida no sobre A, outorgando no seu caso un prazo de corrección non superior a tres días hábiles, e solicitando se fora necesario as aclaracións ou documentación complementaria que se precise.

Con posterioridade, a comisión de valoración procederá a apertura e exame dos sobres B e C e clasificará as proposicións por orde de puntuación decrecente unha vez ponderados os criterios de adxudicación de acordo co disposto no apartado 8 do presente prego.

A apertura do sobre B deberá efectuarse no prazo máximo de vinte días naturais contados a partir da data de finalización do prazo para a súa presentación.

9.3. Clasificadas as proposicións, a comisión de valoración requirirá ó empresario que presentase a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ó de recepción do requerimento, presente a documentación acreditativa da capacidade para contratar referida no apartado 7.2 do prego, debendo acreditar no mesmo prazo a disposición efectivamente dos medios que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

A comisión de valoración poderá outorgar no seu caso un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección de erros ou omisións.

9.4. Examinada a documentación presentada, a comisión de valoración procederá a formular proposta de adxudicación ó órgano de contratación da Fundación Catedral.

9.5. O órgano de contratación poderá solicitar aclaracións sobre a oferta, que terán carácter contractual, cos interesados que reúnen os requisitos de capacidade e solvencia esixida os termos das súas ofertas, velando por que todos os interesados reciban igual trato, e en particular non facilitando de forma discriminatoria información que poda dar vantaxes a determinados interesados con respecto ao resto.

10. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación da Fundación Catedral adxudicará o contrato á mellor oferta no seu conxunto, atendendo aos criterios establecidos na cláusula 8 do presente prego, en resolución motivada no prazo máximo de dous meses a contar desde a apertura do sobre B.

A adxudicación notificarase aos licitadores e publicarase no portal da catedral na interrede no prazo de 15 días naturais. A notificación farase por medios electrónicos.

O adxudicatario deberá asinar o contrato de obras coa Fundación Catedral no plazo máximo de quince días hábiles a contar desde a notificación, segundo o modelo de contrato que se achega como "Anexo III".

11. GARANTÍA DEFINITIVA

O licitador que presente a oferta mellor puntuada, estará obrigado a constituir a garantía definitiva, que deberá ser do 10 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE. Este aval responderá durante o prazo mínimo dun ano desde a recepción das obras das deficiencias e as reparacións necesarias que se podan observar nas obras feitas dende a súa finalización.

A constitución desta garantía deberá ser acreditada polo licitador que teña presentado a mellor oferta no prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ó que tivese recibido a notificación da adxudicación por parte da Fundación Catedral.

12. CONSULTAS

Para consultas técnicas as empresas concursantes poden dirixirse á Fundación Catedral:

Fundación Catedral de Santiago, rúa do Vilar 1-1º, 15705 Santiago de Compostela
Tlfn: 981 569327

III. RELACIÓN XERAIS ENTRE A FUNDACIÓN CATEDRAL E O CONTRATISTA

13. EXECUCIÓN DO CONTRATO

13.1. Comprobación do replanteo

No prazo non superior a quince días dende a data de formalización do contrato, salvo casos excepcionais xustificados, procederase en presenza do contratista a efectuar a comprobación do replanteo realizado previamente á licitación.

Cando, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos e do inmóvel, a súa idoneidade e a viabilidade do proxecto, darase polo director da obra a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na acta estendida, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte á da sinatura da acta.

13.2. Condicións particulares establecidas para a execución da obra

Para a execución da obra, establecense as seguintes condicións particulares:

- Co obxecto de unificar as distintas actuacións a executar na catedral de Santiago, os canlóns poderán executarse indistintamente en zinc-titanio ou chumbo, sen que isto supoña un incremento do custo establecido en proxecto para estes elementos construtivos.

- Os medios auxiliares e cubricións provisionais, haberán de adecuarse aos de outras obras da catedral coas que puideran coincidir temporalmente, sen que as modificacións derivadas desta adecuación supoña un custo engadido para o promotor dos traballos.
- O alcance e nivel de intervención que se propóna nos proxectos específicos de restauración e arqueoloxía que se indican no apartado 8.3.A, haberán de estar axustados aos recursos económicos previstos no proxecto para levar a cabo estas actuacións.

13.3. Programa de traballo

O contratista deberá presentar, no prazo non superior a quince días desde a formalización do contrato, un Programa de traballo e o Plan de Seguridade axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto.

O programa de traballo non poderá introducir ningunha modificación das condicións contractuais, se ben poderá propoñer redución do prazo total e modificacións nos prazos parciais de execución da obra, sempre que as dispoñibilidades de crédito do órgano contratante permitan efectuar os reaxustes que se puideran derivar de tales modificacións, e sen que poida supoñer incremento do presuposto total de adxudicación da obra.

O órgano de contratación resolverá dentro dos 15 días naturais seguintes á presentación do programa de traballo, podendo introducir, na resolución aprobatoria, modificacións ou determinadas prescripcións, sempre que no contraveñan as cláusulas do contrato.

Unha vez aprobado o programa de traballo incorporarase ao contrato.

13.4. Sinalización das obras

Na data en que comecen os traballos o contratista queda obrigado a colocar no acceso principal, no prazo máximo de 15 días laborables, un cartel identificativo da obra coas características e formato que sinale a Fundación Catedral, no que constará a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Dito cartel deberá permanecer na obra ata que a Fundación Catedral autorice a súa retirada.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa as sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación e outros, de conformidade co disposto no Código da Circulación e a adoptar todas as precaucións precisas dende o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable de calquera accidente motivado por incumprimento desta cláusula.

A todos os efectos e no referente á algunha posible sinaléctica relacionada co tráfico respectaranse as condicións que definan os Servizos Municipais.

Transcorrido o prazo fixado no parágrafo primeiro desta cláusula sen que o contratista tivera instalada a sinalización referida no mesmo, esta será instalada pola Fundación Catedral, correndo os gastos por conta do contratista.

13.5. Certificacións e pagos

Con cada certificación mensual das obras realizadas, preparadas pola dirección facultativa co apoio do xefe de obra, presentarase na Fundación Catedral a factura correspondente para o seu cobro. O pago das facturas realizarase por transferencia bancaria nun prazo máximo de 60 días naturais dende a súa aceptación.

Nas certificacións mensuais non se incluirán excesos de medición con respecto ao proxecto. No caso de existir, os excesos de medición faranse constar como medición “non acreditada”, e se incluirán na liquidación final da obra, para a que existe un importe máximo do 10% do presupuesto.

14. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son de conta do contratista todos os gastos derivados da formalización do contrato, co custe do anuncio en prensa e no Diario Oficial de Galicia desta convocatoria. Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaran necesarios para a execución do contrato, incluíndo as taxas municipais da licenza de obra e de ocupación da vía pública no seu caso.

Serán de conta do contratista os gastos de ensaio e controis de calidade acordados pola dirección da obra, nunha contía equivalente ao 1% do presuposto da obra (20.429,36 € IVE incluído), mais a súa oferta no concurso neste apartado, correspondendo á Fundación a elección do laboratorio homologado para a realización dos ensaios e controis de calidade de materiais e instalacións.

O control de calidade da obra incluirá o de aqueles materiais, elementos ou unidades de obra suxeitos a normas ou instrucións de obrigado cumprimento promulgadas pola Administración que versen sobre condicións ou homologacións que estes deben reunir.

Os custos de execución dos ensaios, análises, probas ou controis preceptivos para verificar tales condicións, consideraranse incluídos nos prezos recollidos no proxecto e de acordo co orzamento desagregado, no seu caso, para tales efectos, no programa de control de calidade que figure no proxecto aprobado.

Aqueles outros controis e análises que non veñan impostos por norma ningunha, pero que a dirección facultativa ou coordinador do traballo estimen pertinentes, serán por conta do contratista ata o límite máximo da porcentaxe que a empresa construtora ofertase como mellora na licitación.

En caso de non resultar satisfactorios os resultados obtidos polo laboratorio contratado pola Fundación, o coste dos novos controis tamén serán por conta da contratista, así como todos aqueles análises, ensaios, contra ensaios de control de calidade, que estimen conveniente, a Fundación e a Dirección Facultativa.

Non se permitirá a entrada na obra de ningunha outra empresa distinta á elixida pola Fundación para realizar labores de control de calidade, salvo autorización expresa da Dirección das obras.

O control de calidade das actuacións descritas anteriormente recolleranse en informes mensuais onde se indicarán as posibles incidencias detectadas que poidan afectar á execución da obra proxectada.

Os ensaios establecidos nos apartados anteriores, que por calquera circunstancia non sexan realizados e abonados polo contratista, poderán ser executados pola Fundación Catedral e o seu importe deducido das certificacións mensuais correspondentes.

O Plan de control deberá ser validado en todo caso pola dirección facultativa. Non obstante, non terán tal limitación e correrán integralmente por conta do contratista, os gastos derivados de controis que sexa necesario realizar como consecuencia de defectos na calidade e na execución da obra.

Dito proxecto foi licitado pola Fundación Catedral logo da súa aprobación pola Comisión Executiva do Convenio de colaboración asinado o 23 de setembro de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Cabido do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela e a Fundación Catedral de Santiago para o desenvolvemento e





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
dxpc@xunta.gal

g_oLICIA

execución das actuacións de conservación e restauración derivadas do Plan Director da Catedral de Santiago.

O procedemento de licitación das obras declarouse deserto ao non alcanzar ningunha das proposicións das empresas participantes a puntuación mínima esixida.

Como consecuencia do anterior a Fundación Catedral de Santiago propuxo a modificación do proxecto básico e de execución para a restauración das cubertas do templo – cubertas das naves principal e cruceiro – da Catedral de Santiago de Compostela. Dita proposta foi autorizada pola Comisión Executiva do Convenio de colaboración asinado o 23 de setembro.

Unha primeira versión do proxecto modificado de data xullo de 2018 foi informada polos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o día 31 de xullo de 2018, e trasladado o informe aos técnicos da Casa da Fábrica da Fundación Catedral.

O documento coa versión definitiva, presentado pola Fundación Catedral de Santiago o día 10/08/2018, é ao que se refire o presente informe.

Dito proxecto modificado ten por obxecto a modificación parcial do sistema de cubertas da catedral. A intervención céntrase fundamentalmente na desmontaxe das capas superiores da cobertura, a pavimentación, pétreas, inclinada, transitible e resolta con chanzos que formaliza desde os anos 70 do século XX as cubertas das naves maior de do cruceiro da catedral compostelá.

Neste proxecto modificado non se proxecta substituír ou modificar o sistema de apoio estrutural da cobertura proxectado polos arquitectos Pons-Sorolla e continuado polos arquitectos Baltar, Bartolomé e Almuíña nas intervencións realizadas nas derradeiras décadas do século pasado.

O sistema construtivo proposto no modificado mantén a solución formal da cobertura pétreas, inclinada e escalonada resolta con lousas de pedra de gra de dimensións básicas: 79,5 cm x 54 cm x 8,5 cm, colocadas sobre unha perfilería metálica que permite resolver a cobertura como facilmente desmontable perseguindo facilitar o mantemento e garantir a reversibilidade da intervención. Esta perfilería ven a substituír e ocupa o espazo do morteiro de agarre das lousas e a soleira de cemento lixeiramente armada da solución de Pons-Sorolla. Esta subestrutura metálica tamén se apoia no faldrón inclinado, directamente sobre o recheo das bóvedas na nave do cruceiro e sobre a estrutura auxiliar de tabiques de tixolo e taboleiro cerámico e de formigón na nave maior.

No proxecto modificado non se desmonta a lousa e os tabiques que a soportan na nave maior. A intervención restauradora nesta parte da cuberta en función da documentación consultada do proxecto de restauración dos anos 70 supuxo a recuperación e o mantemento do material e a xeometría dos elementos que configuraban a cobertura para na medida do posible respectar os valores culturais predominantes en todas as cubertas pétreas.

No proxecto modificado non se actúa sobre a estrutura de formigón armado de reforzo e/ou atado construída nas intervencións realizadas nas derradeiras décadas do século XX a partir das obras de reformulación da cuberta da catedral proxectadas por Pons-Sorolla nos anos 70 do dito século, cando substituíu a cuberta de tella por unha nova de pedra que reinterpretaba e recuperaba a anterior de pedra da que atopa pegadas suficientes durante os traballos de desmontaxe e investigación realizados no derradeiro terzo do século pasado.

O resto das intervencións proxectadas coinciden cos recollidas no proxecto básico e de execución autorizado o día 25 de xaneiro de 2018 e refírense a conservación e restauración de elementos decorativos e construtivos existentes no ámbito de actuación definido no proxecto.

Cómpre ter en conta ademais que durante este proceso os servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e os servizos técnicos da Casa da Fábrica da Fundación Catedral de





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
dxpc@xunta.gal

g_{alicia}

Santiago de Compostela, intercambiaron distintas notas e documentos de aclaración técnica e de criterio sobre o proxecto analizado, incluso distintas versións deste documento que se foi corrixindo e adaptando ás determinacións técnicas dos distintos informes e aos acordos conceptuais sobre criterios de intervención e de salvagarda dos valores culturais presentes.

Por último, o día 12 de xullo de 2018, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e a Fundación Catedral de Santiago de Compostela mantiveron unha xuntanza para a coordinación da redacción dos proxectos prevista no Convenio de colaboración asinado o 23 de setembro de 2015. Nesta xuntanza participaron os servizos técnicos de ámbalas dúas institucións.

Como conclusión desta xuntanza acordouse que os criterios reguladores destas intervencións serán os que figuran no artigo 44 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, no artigo 39 da lei 16/1985 do patrimonio histórico español, que son de obrigado cumprimento nas intervencións sobre os bens protexidos polos seus valores culturais, os que emanen do Plan Director da Catedral de Santiago de Compostela e os desenvolvidos nos proxectos autorizados sempre que sexan autorizados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Son conscientes ámbalas dúas institucións de que cada monumento constitúe un caso específico e singular e que xera argumentos propios que obrigan a ir máis alá dos principios sectoriais determinados de forma xeral.

O criterio da Casa da Fábrica é que deben ser compatibles e complementarias as distintas lecturas das arquitecturas pétreas, lígneas e metálicas, e mesmo das decoracións artísticas e as distintas actuacións restauradoras ou rehabilitadoras sucedidas ao longo do tempo, nun contexto único que é o conxunto construído e monumental da Catedral de Santiago. Entende que se trata de dotar ao plano da intervención dunha visión transversal, que pretende articular o corpus de preceptos normativos e de recomendacións das cartas de conservación e restauración dos bens culturais, cos principios de identidade, autenticidade, proporcionalidade, compatibilidade de materiais e de usos, reversibilidade, liberación, consolidación, reinterpretación, e mesmo integración, entre outros.

Suxire que a as leis, as cartas, as recomendacións, deben compaxinarse coa experiencia da restauración, que no caso da Catedral de Santiago de Compostela é moi ampla e que, loxicamente, foi evolucionando ao longo do tempo á par que o propio monumento. Demanda a formulación dunhas regras de intervención propias para o monumento, compatibles cos enunciados xerais e compartidas por todas as partes que interveñen no proceso.

Compartindo no substancial esta interpretación, recoñecendo a singularidade e o carácter propio que ten de forma individual cada ben de interese cultural e entendendo que esta particularización se enuncia e recolle no Plan Director da Catedral de Santiago, dunha forma xeral e non específica para cada intervención que se desenvolva, os servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural estiman e consideran que o marco xurídico de protección que deseñan as leis vixentes é irrenunciable.

Tendo en conta que as intervencións obxecto deste proxecto non sempre están suficientemente desenvolvidas e xustificadas por mor da dificultade derivada da imposibilidade de acceder ao coñecemento real do feito construtivo e de contar coa avaliación e valoración crítica do feito cultural. E considerando as circunstancias derivadas da complexidade que supón a simultaneidade dos distintos procesos de redacción de proxectos e a coincidencia temporal e espacial da execución das obras, valórase positivamente a posibilidade de contar con un equipo técnico interdisciplinario na Casa da Fábrica que, traballando de forma coordinada cos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, poida aplicar durante o e proceso de execución de obras, ademais dos anteriores, os seguintes os criterios directores específicos que deben regular e inspirar estas actuacións e o seu desenvolvemento futuro:

- Aplicarase preferentemente un criterio de mínima intervención.
- A conservación da formalización existente da realidade xeométrica e física da materia orixinal da obra de arte é prioritaria.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
dxpc@xunta.gal

g_olicia

- Os traballos de execución das intervencións proxectadas aproveitaranse para aumentar o coñecemento sobre o monumento desde unha perspectiva arqueolóxica, histórica e construtiva.
- A avaliación e valoración da seguridade o correcto funcionamento e comportamento dos sistemas estruturais, construtivos e funcionais presentes na área de actuación aos que se teña acceso debe ser obxecto de atención e estudo por parte da dirección facultativa e os responsables técnicos das obras. A seguridade e a correcta conservación do monumento sempre terá un carácter prioritario.
- É admisible a retirada e reformulación, se fose o caso, de engadidos e solucións construtivas dos que se teña estudiado e probado o seu nulo valor histórico, artístico e arquitectónico, ou que resulten incoherentes coa lectura integradora e unitaria do ben de interese cultural. As partes eliminadas quedarán debidamente documentadas.
- As novas solucións formais, así como os novos sistemas construtivos que se podan engadir ao monumento resloveranse sempre de forma que estea garantida a súa reversibilidade. No seu deseño e na súa formalización construtiva reproduciranse, completaranse, ou interpretaranse elementos ou sistemas construtivos orixinais, empregando técnicas e materiais tradicionais de efectividade e comportamento comprobado ao longo da historia do monumento.
- Para os materiais engadidos aplicarase un criterio de discernimento que evite falsear a autenticidade histórica.
- As novas solucións e sistemas construtivos de nova planta, deseñaranse de forma coherente coa linguaxe arquitectónica e cultural da época actual, buscando ao mesmo tempo a súa correcta integración no monumento. En calquera caso, os novos elementos construtivos a engadir responderán a deseños formalmente neutros, discretos e sempre supeditados á lectura correcta e integradora do elemento, espazo ou ámbito no que se integran e do BIC no seu conxunto.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

O contido do documento de proxecto modificado é o seguinte:

Tomo I. Memoria

Introdución ao proxecto modificado

- A. Da xustificación do proxecto modificado
- B. Do proxecto modificado
- C. Dos criterios devenidos. Conclusión

Memoria descriptiva. Proposta e solución adoptada

- 1.1 Consideracíons técnicas
- 1.2 O sistema construtivo orixinal e o restaurado
- 1.3 A des-restauración das cubertas pétreas do Pórtico da Gloria
- 1.4 Restauración da basílica palladiana de Vicenza
- 1.5 Memoria das reflexíons realizadas ante a comisión de seguimento
- 1.6 Presenza de diferentes solucións construtivas
- 1.7 Memoria dos informes transversais
 - 1.7.1 Intervención dos equipos de expertos nas etapas do proxecto e da execución
 - 1.8 Ideas pre-proxectuarias aplicables ao presente proxecto
 - 1.9 Xustificación das leis de patrimonio galego e nacional

Tomo II. Memoria técnica

1. Introdución á memoria técnica
2. Memoria urbanística
3. Proxecto de desmontaxe





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
dxpc@xunta.gal

g_olicia

4. Memoria construtiva
5. Cumprimento do CTE
6. Cumprimento de outros regulamentos e disposicións
7. Prego de condicións
8. Condicións da obra
9. Orzamento
10. Resumo económico
11. Índice de planos

Tomo III. ANEXOS

1. Estudo de Seguridade e Saúde
2. Tomo IV. ANEXOS
3. Fotografías
4. Informes histórico-artísticos
5. Estudo de paramentos de fachadas
6. Proxecto de control arqueolóxico
7. Restauración de fachadas románicas norte y sur situadas en las cubiertas pétreas
8. Proposta para o estudio da roca granítica do enlousado de cubertas
9. Influencia das modificacións introducidas na cuberta sobre o sistema...
10. Especificacións técnicas dos materiais
11. Recomendacións de deseño, colocación y selección de la piedra natural

PLANOS

- Urbanismo
- Estadas
- Información documentación
- Estrés hídrico
- Estado actual
- Desmontaxe
- Montaxe
- Rosetóns
- Barandilla
- Pezas
- Estrutura

A razón que leva á Fundación Catedral de Santiago a promover a modificación do proxecto derivan dun maior coñecemento e dun proceso de reflexión máis fondo e completo sobre o estado dos sistemas construtivos, as necesidades ás que cómpre dar resposta, os efectos e axentes de deterioro que cómpre resolver e corrixir e todo elo posto en relación coas dispoñibilidades económicas e financeiras, desde unha perspectiva de sustentabilidade, eficiencia e durabilidade das actuacións e garantía de salvagarda dos valores culturais presentes.

Os estudos medioambientais que a Fundación Catedral de Santiago está a realizar e as recentes informacións construtivas recollidas na intervención en execución na cabeceira da catedral faille pensar aos responsables da Casa da Fábrica que a eliminación de formigóns e morteiros de cemento presentes no trasdós das bóvedas, colocados nos derradeiras décadas do século pasado polos arquitectos Pons-Sorolla e Baltar, Bartolomé e Almuíña, non parecen ser determinantes para a integridade tectónica das mesmas, nin resultar axentes responsables do efectos de deterioro dos revestimentos interiores.

Entende o promotor e o responsable do proxecto que é más necesaria a busca dunha solución no sistema construtivo responsable de garantir a impermeabilidade da cuberta e asegure a drenaxe directa da auga da choiva e o secado do material que a reconstrucción íntegra de todo o sistema construtivo ideado e formalizado hai 40 anos.

Por este motivo o proxecto propón non tocar agora a lousa de formigón armado de apoio da cobertura pétreas, que define os distintos faldróns inclinados, e construír sobre elas un novo





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
dxpc@xunta.gal

g_{alicia}

sistema impermeabilizante que ademais manteña de forma coherente a imaxe histórica da cuberta actual, en coherencia coas lecturas: materia-imaxe, forma-función e construcción-historia que fondamente e de maneira crítica desenvolve documento de proxecto.

Criterio que se estende tamén aos faldróns inclinados da nave maior, resoltos neste caso con tabiques de tixolo que soportan lousas lixeiras de formigón e cerámica.

É o obxecto principal do proxecto, polo tanto, a definición dun novo sistema de cobertura que apoiado nos faldróns existentes permita reproducir a forma da cuberta actual: pétreo, transitable, inclinada e escalonada ao tempo que garantir a súa estanquidade a auga da choiva, e a súa capacidade de fácil desmontaxe, o que permitirá realizar un mantemento más eficaz e garantir a reversibilidade da intervención.

Opta por un sistema trasventilado, resolto con lousas de pedra apoiadas en unha subestrutura metálica ancorada aos faldróns inclinados de formigón existentes que se terán mellorado superficialmente previamente. Baixo a subestrutura e sobre os faldróns colocarase de forma continua a impermeabilización. Sobre as terrazas ou zonas de cuberta plana as lousas irán apoiadas en plots, con unha solución de impermeabilización e apoio análoga.

Para a ventilación do interior do templo a través da cuberta, prevese realizar aberturas de ventilación no cuarto de laranxa das bóvedas do triforio, catro por lado no brazo principal, e dous por lado no transepto, así como en toda a lonxitude da cumieira.

O resto das actuacións previstas son os traballos de demolición e desmontaxe necesarios que en xeral afectan a sistemas construtivos contemporáneos realizados nas últimas intervencións do século XX e XXI. A restauración, basicamente limpezas das balaustradas e limpeza e encintado das fábricas de sillería, selados de xuntas e limpeza de pedra no "paseo de ronda". Saneado superficial das estruturas de soporte dos faldróns da cuberta e construcción da nova cuberta deseñada, mantendo a súa imaxe formal e a súa xeometría, e introducindo a solución anteriormente descrita.

Na cámara de aire existente sobre a bóveda da nave principal, resolta con tabiques de tixolo, proxectase realizar ventilacións a través dos tabiques que permitan un mellor comportamento ambiental e unha maior eficacia das solucións de ventilación deste espazo e das bóvedas a través das perforacións e solucións de ventilación deseñadas.

Proponse tamén unha nova carpintería para os rosetóns dos pinches románicos da nave do cruceiro, nos seus extremos norte e sur, así como a restauración da decoración románica destas fachadas. Inclúese a dotación dunha varanda de protección nas zonas de maior risco para os visitantes e outros traballos menores de restauración e conservación de elementos históricos presentes no ámbito e de reposición, reparación ou substitución de instalacións, mobiliario ou elementos funcionais afectados polas obras.

AVALIACIÓN DO PROXECTO E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS DO INFORME

O proxecto contén unha avaliación detallada do estado actual do ben, e dos obxectivos propostos, baseados nun estudo histórico previo, e con atención ás actuacións recentes do século XX nas cubertas. Levouse a cabo unha análise e unha valoración crítica a partir da evolución e historia construtiva do monumento e especificamente das cubertas do templo e xustifícase de forma suficiente e completa a necesidade de modificar o proxecto inicialmente autorizado. No deseño das novas actuacións proyectadas tévose en conta o valor cultural dos elementos sobre os que se vai actuar.

O proxecto fundamenta a súa intervención no máximo respecto pola imaxe consolidada da cuberta actual, da que se ten comprobado a súa total incapacidade para seguir resultando estanca, debido ao esgotamento dos materiais que conforman o seu sistema construtivo. Entende o proxectista que é unha imaxe xa patrimonializada e configuradora do valor cultural do monumento. A nova solución deseñada para a cuberta, desde o punto de vista construtivo





diferente e más actual, reversible e se espera que más eficaz, duradeira e segura, mantén e interpreta fiel e coherentemente esta imaxe.

O resultado final, non obstante, vai depender en gran medida do proceso e criterio de selección do material, a pedra de gra coa que se resolván as lousas. Está previsto no proxecto a súa selección coidadosa, porén coido que é un criterio axeitado buscar a maior similitude posible coa pedra actual e mesmo non desbotar, de forma definitiva e completa, a reutilización da pedra existente.

Tamén entendo que pode resultar un punto crítico a necesidade de perforar a impermeabilización coas ancoraxes da perfilería metálica coa que se resolve a subestrutura de soporte. O autor do proxecto é consciente disto e ten previsto realizar unha revisión do cálculo, en función do subministro e do número e das dimensións concretas dos distintos elementos e ancoraxes e apoios persegundo a diminución do número de perforacións.

Está previsto a realización de traballos de análise e estudo para a caracterización das lousas e soleiras de formigón, realizando previamente toma de mostras e ensaios de morteiros, armaduras e formigóns armados. Neste senso, coido que tamén é aconsellable, senón necesario, a realización de estudos estruturais sobre os reforzos realizados nos anos setenta, unha vez que sexa posible acceder a eles e comprobar o seu estado de conservación e a súa capacidade de carga e resposta ás solicitudes as que estean respondendo.

Estimo que tamén é necesario realizar un estudio medioambiental dos distintos espazos intersticiais dos sistemas construtivos presentes no corte estratigráfico entre o interior da catedral e o exterior sobre a cuberta. Con especial atención á circulación do vapor de auga, a posibilidade de que se produzcan condensacións e á presión de vapor.

Considero que se da cumprimento aos requisitos do artigo 43 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, no referido ao contido do documento. Isto é, a súa identificación, estudo do mesmo e da documentación histórica, análise previo, diagnóstico do estado de conservación, proposta e metodoloxía de actuación, análise crítico do seu valor cultural e avaliación da proposta, técnicas e materiais a empregar, e documentación gráfica da actuación.

Os sistemas construtivos que se substituirán, -principalmente o sistema de impermeabilización e apoio das lousas de cuberta- carecen dun valor cultural suficiente para ser conservadas e o seu mantemento podería incluso constituir un axente de deterioro para as fábricas construtivas da catedral se non se actúa sobre elas e se corrixe a falta de estanquidade.

Os sistemas construtivos que se propón desmontar son todos eles contemporáneos e carecen de valor cultural propio.

Os sistemas construtivos propostos son reversibles e recoñecibles como contemporáneos.

A nova solución construtiva proposta para a cuberta e o resto de actuacións que teñen por obxecto a conservación e restauración das fábricas e elementos históricos presentes se axustan de forma suficiente aos criterios de intervención recollidos no artigo 44 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Conforme a todo o anterior, o proxecto, exclusivamente dende o punto de vista conceptual da protección e conservación do patrimonio cultural, non presenta inconveniente para que poida ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, segundo o establecido no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e o resto da legislación vixente, sempre que a dita autorización se supedite ás cautelas que a seguir se enumeran, que deberán ser observadas e tidas en conta durante o proceso de execución.

Enténdese que as ditas cautelas son necesarias debido á falta de desenvolvemento suficiente dalgún dos estudos, propostas de intervención e detalles construtivos que se inclúen no proxecto, derivado da imposibilidade de ter un coñecemento completo e pormenorizado da realidade ata que se realicen os traballos de desmontaxe e se teña acceso aos sistemas ocultos.





E considérase que é viable e compatible coas condicións de salvagarda do patrimonio cultural a súa aplicación en fase de execución de obra por mor da necesidade de contar cos medios auxiliares e o apoio técnico necesario para coñecer a realidade física e formal dos elementos obxecto da intervención e a presencia continua do equipo técnico interdisciplinario na Casa da Fábrica, que debe velar pola aplicación dos criterios e as solucións dunha forma uniforme, integradora e respectuosa coa lexislación vixente, o Plan Director da Catedral e as resolucións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

É posible contar, así mesmo, co apoio dos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para realizar unha coordinación e seguimento continuado e áxil dos procesos de investigación, deseño e execución que restan pendentes de concretar e definir.

CAUTELAS

1. Proxectos de restauración de elementos escultóricos singulares.

As intervencións que a seguir se relacionan, previstas no proxecto de referencia, precisan dun desenvolvemento más amplio que deberá ser obxecto dun proxecto específico de conservación e restauración.

- ✓ Restauración das fachadas románicas dos testeiro norte e sur da nave do cruceiro, da estatua e dos elementos ornamentais ou singulares labrados en pedra ou metálicos de valor artístico e histórico.

Os ditos proxectos serán redactados por unha ou varias persoas, ou por un equipo interdisciplinario que conte coa formación profesional, especialización e experiencia suficiente para o seu desenvolvemento. En todo caso á fronte deste equipo figurará unha persoa especializada en conservación e restauración de bens culturais con experiencia demostrable e suficiente en intervencións sobre soportes pétreos de gra e policromías sobre pedra.

O proxecto, como mínimo, atenderá e dará resposta axeitada aos seguintes aspectos:

- Estudo crítico do ben ou peza obxecto da intervención e documentación histórico-artística do mesmo, atendendo principalmente á descripción e caracterización histórico, artística e da significación patrimonial do ben no seu estado actual.
- Análise previa física, química, ambiental e de contaminación biolóxica que teña por obxecto a caracterización dos materiais e do seu estado de conservación, así como das patoloxías e os axentes de deterioro que os afectan. A análise previa concluirá nunha diagnose completa do estado de conservación, que se debe recoller en fichas ou mapas de diagnose.
- Proposta da intervención, desenvolvendo co detalle suficiente os criterios e a metodoloxía a aplicar xustificando a súa adecuación á análise crítica realizada sobre o ben obxecto da intervención e a súa relación co ben de interese cultural que o contén: a Catedral de Santiago de Compostela.
- A proposta de actuación deseñarase e xustificarase en base á consecución do obxectivo, criterio e alcance da intervención fixada no proxecto básico e de execución de restauración xeral das cubertas no que se enmarca e en función da dotación ou disponibilidade económica que o dito proxecto establece para a intervención.
- Relación de técnicas, materiais e produtos que se van a aplicar e composición dos equipos humanos que se van a encargar da intervención, indicando o perfil profesional das persoas que se propón que interveñan.
- Documentación gráfica da intervención na que se recolla o rexistro fotográfico completo do estado inicial.
- Avance do programa de mantemento e do plan de conservación preventiva, de ser necesario.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
dxpc@xunta.gal

g_{alicia}

Os proxectos de intervención parciais ou sectoriais axustaranse, ademais de ao determinado con carácter xeral nos artigos 43 e 44 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, aos criterios de intervención desenvolvidos no proxecto de referencia, aos propostos pola Fundación Catedral de Santiago e con total coincidencia aos fixados especificamente nas autorizacións outorgadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que en todo caso prevalecerán sobre os anteriores.

Con carácter previo ao inicio da intervención este proxecto debe ser enviado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a súa autorización.

Non se poderá iniciar ningunha das intervencións previstas sobre estes elementos sen que o proxecto de conservación e restauración específico estea debidamente autorizado.

Para a redacción destes proxecto é posible montar os medios auxiliares necesarios, así como os equipos de medicións e instrumentación que se estimen necesarios para a toma de datos e a realización das análises e a diagnose.

A realización de catas, toma de mostras e no seu caso de hipotéticas desmontaxes parciais que resulten imprescindibles para analizar o ben cultural, deberá ser comunicada, con carácter previo, aos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que darán a súa conformidade ou introducirán as matizaciones e modificacións que estimen oportunas.

2. Proxectos específicos de investigación arqueolóxica e/ou salvagarda do patrimonio arqueolóxico.

As intervencións que a seguir se relacionan, previstas no proxecto de referencia, precisan da execución previa ou simultánea dunha actuación arqueolóxica axeitada e acorde ao valor cultural dos ámbitos e elementos estudiados que teña por obxecto completar a investigación sobre o monumento, realizar unha lectura de paramentos e sistemas construtivos que complete, confirme ou documente as hipóteses do proxecto de arquitectura e no seu caso velar pola salvagarda do patrimonio arqueolóxico desenvolvendo as actividades arqueolóxicas que con carácter previo e preceptivo se propoñan, determinen e fixen polo Concello de Santiago e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

- ✓ Desmontaxe do sistema construtivo das cubertas (Definido no proxecto como zonas altamente sensibles e zonas sensibles)
- ✓ Calquera outra desmontaxe e/ou demolición parcial de muros, construcións e recheos históricos

As devanditas actuacións arqueolóxicas definiranse de forma completa nun proxecto que conteña un programa detallado e coherente, que acredite os obxectivos, a conveniencia e o interese científico e patrimonial da intervención e que avale a idoneidade técnica da persoa que asuma a dirección dos traballos arqueolóxicos.

Dito proxecto redactarase conforme ao determinado no Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia e as determinacións do artigo 96 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia en relación coas autorizacións para a realización de actividades arqueolóxicas.

Con carácter previo ao inicio da intervención este proxecto debe ser enviado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a súa autorización.

Non se podrá iniciar ningunha das actuacións previstas sen que o proxecto de actuación arqueolóxica específico estea debidamente autorizado.

A presentación e tramitación ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural destes proxectos, en fase de execución de obra, implica a aceptación dos mesmos e do seu custe económico, por parte da entidade promotora e a empresa adjudicataria principal.



**Outros aspectos relacionados coa investigación e desenvolvemento de detalles e solucións construtivos singulares.**

3. O resultado final e a adecuación ao monumento do pavimento/cobertura de pedra depende en gran medida do proceso e criterio de selección do material, a pedra de gra coa que se resolván as lousas. Está previsto no proxecto a súa selección coidadosa, porén coido que é un criterio axeitado buscar a maior similitude posible coa pedra actual e mesmo non desbotar, de forma definitiva e completa, a reutilización da pedra existente.
4. É un punto crítico a necesidade de perforar a impermeabilización coas ancoraxes da perifería metálica coa que se resolve a subestrutura de soporte. Recoméndase, tal e como está previsto, realizar unha revisión do cálculo, en función do subministro e do número e das dimensións concretas dos distintos elementos e ancoraxes e apoios perseguindo a diminución do número de perforacións. En calquera caso o control da execución destas perforacións e ancoraxes debe ser exhaustivo e alcanzar ao 100% das unidades de obra executadas.
5. Documentarase a realidade material, formal e dimensional das estruturas de reforzo e atado existentes sobre as bóvedas e realizarase a súa caracterización e os estudos estruturais destes elementos realizados nos anos setenta, unha vez que sexa posible acceder a eles e comprobar o seu estado de conservación e a súa capacidade de carga e resposta ás solicitudes as que estean respondendo.
6. Realizarase un estudio medioambiental dos distintos espazos intersticiais dos sistemas construtivos presentes no corte estratigráfico entre o interior da catedral e o exterior sobre a cuberta. Con especial atención á circulación do vapor de auga, a posibilidade de que se produzcan condensacións e á presión de vapor.
7. As canles de evacuación de auga pluvial nas que verten os faldróns de cuberta están resoltos con chapa de zinc e formalizados con fábricas de tixolo e morteiros de cal, empregados como recheos e camas de asento e revestimento das fábricas laterais. Tendo en conta o análise exhaustivo previo do propio proxecto e o coñecemento do monumento, pode resultar que baixo as actuais canles que se reforman e substitúen existan canles de pedra ou fábricas de pedra orixinais. Neste caso, deberíanse documentar arqueolóxicamente – tal e como está previsto no proxecto – e estudar e propoñer unha adaptación do sistema construtivo para garantir a permanencia do elemento histórico ou no seu caso, a súa desmontaxe, previa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

En calquera caso o criterio de conservación das fábricas de pedra orixinais presentes prevalecerá ante calquera outra solución construtiva de nova planta.

8. Revisarase a compatibilidade galvánica dos distintos materiais metálicos presentes e propostos (aluminio, chumbo, zinc, cobre) analizando o percorrido completo da auga de choiva desde a cuberta das naves ata a súa evacuación do inmoble.
9. Os orificios de ventilación da cámara de aire baixo a cuberta dotaranse de proteccións axeitadas para evitar a entrada de paxaros ou outros pequenos animais vertebrados.
10. Os orificios de ventilación desde as naves á cámara de aire baixo a cuberta, previstos como unha proposta, estudaranse en relación co resultado e conclusión do estudo de humidades e calidade ambiental do interior da catedral que está a realizar a experta Soledad García Morales por encargo da Fundación Catedral. Antes da súa execución, por quien corresponda, presentarase un informe que avalie e xustifique a coherencia desta proposta de ventilación cos resultados e conclusións do dito informe, introducindo as matizaciones e/ou modificacións que resulten necesarias.

Estes orificios executaranse, de resultar xustificados, necesarios e convenientes para o control ambiental do interior do templo, en coordinación co proxecto de restauración do revestimento das bóvedas e previa realización das catas de investigación necesarias,





que garantan que non existen pinturas murais ou outro tipo de decoración artística nas bóvedas a perforar. O seu diámetro e o seu acabado determinarase de xeito que desde o espazo público na nave da catedral non son visibles, ou cando menos non resultan rechamantes ou descontextualizados, este deseño e xustificación realizarase tendo en conta tamén o proxecto de iluminación interior e como os pode afectar.

11. O proxecto inicial propoña unha solución de lousas de pedra superpostas ás canles de evacuación de pluviais, en substitución do actual andadeiro de trámex metálico. Esta solución, de executarse de forma continua e integral en todo o perímetro da cuberta, supón, ao meu parecer, un factor de risco para o monumento moi importante. Por unha parte reduce de forma drástica a sección da apertura da canle, o que pode supoñer a formación de balsas de auga sobre a parte baixa dos faldróns e un claro risco de desbordamento, escorrentas non desexadas e previstas e filtracións a través dos propios sistemas construtivos. Por outra, a súa dimensión e peso impiden que sexan facilmente removibles, para isto o peso non debería superar os 20 ou 25 kg, e polo tanto, o mantemento cotiá e frecuente das canles de evacuación, así como o seu control, non é posible.

Por estes motivos entendo que non é posible autorizar esta solución de forma continua e integral a toda a cuberta. O que non impide que nalgún punto concreto, limitado, e por razóns de seguridade de utilización si se poida executar de forma illada ou en combinación con outras que xa existen ou se propoñan. Esta é a solución agora incorporada ao proxecto modificado. Para iso, de estar prevista a súa execución, débese previamente enviar un plano co detalle da situación concreta destas pezas ou pavimentos a colocar, que en ningún caso deben propoñer unha solución continua que oculte tramos longos de canle de evacuación e en ningún caso impedirá o acceso fácil a arquetas ou sumidoiros das baixantes.

12. O proxecto propón a colocación de varandas metálicas de protección nalgúns puntos da cuberta. O deseño baséase e desenvolve un modelo existente na cidade de Compostela e é similar a algúun outro modelo utilizado na propia catedral, por este motivo, e dado que non vai ter unha gran visibilidade na imaxe exterior do documento – cuestión que en calquera caso cómpre evitar xa que alteraría a súa percepción – estimo que podería ser autorizable. Porén, noutros proxectos agora en estudio para a súa execución simultánea con este que nos ocupa, propóñense outros modelos de varandas con formas e materiais diferentes.

Recoméndase que por parte da Fundación Catedral de Santiago se analice e propoña un único modelo de varanda (ou de calquera outro elemento de protección, seguridade, carpintería ou mobiliario) para situacions, funcións e emprazamentos análogos, na procura da uniformidade e da unidade de estilo desexable dentro do monumento nas actuacions contemporáneas e derivadas dun mesmo programa.

13. Tras finalizar a intervención, elaborarase unha memoria final que documente de xeito adecuado todo o proceso levado a cabo en cada unha das súas fases e para todas as disciplinas aplicadas, conforme o artigo 43.2 e 43.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Un exemplar desta memoria final, incluída a súa copia en seu soporte dixital, será entregada á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no prazo de seis meses desde a finalización da intervención.

Considerando todo o anterior propoño as seguintes conclusíons do presente

INFORME – PROPOSTA

Informo favorablemente o **PROXECTO MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RESTAURACIÓN DAS CUBERTAS DO TEMPLO -NAVE PRINCIPAL E**





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
dxpc@xunta.gal

g_oLICIA

CRUCEIRO- DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (MODIFICACIÓN PARCIAL DO SISTEMA DE CUBERTAS) e propoño a súa autorización condicionada as cautelas enunciadas nas consideracións técnicas deste informe.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018
O subdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais
Manuel M^a Chaín Pérez
Arquitecto do corpo superior facultativo da Xunta de Galicia

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

A directora xeral do Patrimonio Cultural, vistos o informe e a proposta anterior asinada polo subdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais

De acordo co exposto no devandito informe técnico, que conclúen no informe favorable do proxecto de referencia dado que, en relación co contido da dito documento de intervención, estima que o documento, a proposta de actuacións actuacións previstas, así como os criterios empregados no deseño das mesmas e na metodoloxía a desenvolver durante a execución das obras, garanten de forma suficiente o preceptivo e necesario respecto polos bens pertencentes ao Patrimonio Cultural de Galicia que puideran verse afectados.

Tendo en conta as seguintes normativa e lexislación de aplicación

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español (BOE núm. 155 do 29.06.1985 e corrección de errores no BOE núm. 296 do 11.12.1985)
- DECRETO 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica. (DOG num. 169 do 6 de setembro de 2017)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2.10.2015)

Conforme a todo o anterior e en virtude das competencias definidas na Lei 16/1985 do patrimonio histórico español e en concreto o artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sen prexuízo de calquera outro informe sectorial, autorización ou licenza que resulte precisa en virtude da natureza das intervencións, emito a seguinte

RESOLUCIÓN

Autorizo, exclusivamente no ámbito das competencias desta Dirección Xeral, o **PROXECTO MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RESTAURACIÓN DAS CUBERTAS DO TEMPLO -NAVE PRINCIPAL E CRUCEIRO- DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (MODIFICACIÓN PARCIAL DO SISTEMA DE CUBERTAS)** e as actuacións derivadas do mesmo.

Esta autorización queda condicionada as cautelas enunciadas e numeradas do 1 ao 13 no punto de "Cautelas" incluído no informe proposta da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais que forma parte deste mesmo documento.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de
San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400
dxpc@xunta.gal

galicia

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

Mediante este documento notifícaselle a resolución segundo o esixido no artigo 40 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, pode vostede, na súa condición de persoa interesada, interpor recurso de alzada ante o secretario xeral de Cultura, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte da recepción da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 26.3.c da Lei 16/2010, de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Lémbolle que, como promotor da actuación, é responsabilidade súa dar traslado desta Resolución aos técnicos que van dirixir e realizar a actuación, para os efectos de que os traballos se executen dentro dos límites e conforme aos criterios fixados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na súa autorización.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018

O subdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais


Manuel M^a Chaín Pérez

Fundación Catedral de Santiago

Casa do Deán, Rúa do Vilar
15705 Santiago de Compostela
A Coruña




ANEXO V



OBRAS DE RESTAURACION

- CONV01 RESTAURACIÓN DE LAS CUBIERTAS DE LA CABECERA DE LA CATEDRAL
- CONV04 RESTAURACIÓN DE LOS ZÓCALOS DE MÁRMOL DE LA CAPILLA MAYOR
- CONV06 RESTAURACION DE LOS PARAMENTOS VERTICALES DE LA GIROLA
- CONV09 RESTAURACION DE LA FACHADA DE LA QUINTANA Y PATIOS DE LA PUERTA SANTA Y PUERTA DE ABADES.
- CONV10 RESTAURACION DE LAS CUBIERTAS DEL TEMPLO: NAVE PRINCIPAL Y CRUCERO.
- CONV11 RESTAURACION DE LAS CUBIERTAS DE LA CAPILLA DEL CRISTO DE BURGOS Y FACHADA AL PATIO DE XELMÍREZ
- CONV12 RESTAURACIÓN DE LAS CUBIERTAS DEL ALA NORTE DEL CLAUSTRO
- CONV13 RESTAURACION EN LAS FACHADAS SUR Y ORIENTAL DEL CLAUSTRO, DEL ESCONCE, DE LA TORRE DEL TESORO Y REFORMA DE LA CUBIERTA DEL ALA ORIENTAL DEL CLAUSTRO
- CONV14 RESTAURACIÓN DE PARAMENTOS DE LAS NAVES Y SUS BÓVEDAS
- CONV15 RESTAURACION DE LA TORRE DE LA VELA.



OBRAS DE RESTAURACION

- CONV01 RESTAURACIÓN DE LAS CUBIERTAS DE LA CABECERA DE LA CATEDRAL
- CONV04 RESTAURACIÓN DE LOS ZÓCALOS DE MÁRMOL DE LA CAPILLA MAYOR
- CONV06 RESTAURACION DE LOS PARAMENTOS VERTICALES DE LA GIROLA
- CONV09 RESTAURACION DE LA FACHADA DE LA QUINTANA Y PATIOS DE LA PUERTA SANTA Y PUERTA DE ABADES.
- CONV10 RESTAURACION DE LAS CUBIERTAS DEL TEMPLO: NAVE PRINCIPAL Y CRUCERO.
- CONV11 RESTAURACION DE LAS CUBIERTAS DE LA CAPILLA DEL CRISTO DE BURGOS Y FACHADA AL PATIO DE XELMÍREZ
- CONV12 RESTAURACIÓN DE LAS CUBIERTAS DEL ALA NORTE DEL CLAUSTRO
- CONV13 RESTAURACION EN LAS FACHADAS SUR Y ORIENTAL DEL CLAUSTRO, DEL ESCONCE, DE LA TORRE DEL TESORO Y REFORMA DE LA CUBIERTA DEL ALA ORIENTAL DEL CLAUSTRO
- CONV14 RESTAURACIÓN DE PARAMENTOS DE LAS NAVES Y SUS BÓVEDAS
- CONV15 RESTAURACION DE LA TORRE DE LA VELA.

PLANTA DE CUBIERTAS

ÁMBITO E IMPLANTACIÓN ESTIMADA DE LAS OBRAS PREVISTAS EN LA CATEDRAL
DURANTE EL PERÍODO 2018-2020. (A CONFIRMAR Y AJUSTAR EN FASE DE OBRA)

e: 1/750



FUNDACIÓN
CATEDRAL
DE SANTIAGO